

### SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS MAIORES

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS</b>						
Nome da rúa, praza, etc			Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico			
<b>DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existir)</b>						
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				

**DIGO:**

Que, desexando realizar as seguintes obras:

---



---



---

Nunha edificación / parcela sita en:

Rúa / Camiño / Praza: \_\_\_\_\_

Barrio e Parroquia: \_\_\_\_\_

con referencia catastral da parcela \_\_\_\_\_

E achegando a seguinte documentación:

Proxecto técnico completo asinado por técnico competente (copias en papel e en formato CD ou DVD):

Proxecto básico

Proxecto básico e de execución (con visado colexial)

Reportaxe fotográfica do estado actual da parcela ou edificación, subscrito polo solicitante (mínimo 4 fotos, permitindo apreciar a edificación ou parcela no seu conxunto dende distintas perspectivas).

Autorización sectorial de  Costas  Estradas  Augas (dominio público hidráulico), no seu caso.

Copia do decreto ou acta de sinalamento de alifación e rasante ou indicación do seu nº de expediente: \_\_\_\_\_

Fotocopia do DNI do interesado e, no seu caso, acreditación da representación.

Escritura pública de propiedade do terreo (Dita escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou

outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.

Folla oficial de estatística.

No caso de proxectarse a construción dunha edificación en solo clasificado como de **núcleo rural**, achegarase ademais:

Documento público de cesión dos terreos afectados pola aliñación do viario, no seu caso.

Compromiso de execución e/ou conexión aos servizos existentes ou futuros no núcleo.

No caso de proxectarse a construción dunha edificación en solo clasificado como **urbano**, achegarase ademais:

Documento público de cesión dos terreos afectados pola aliñación do viario, no seu caso.

Documento de compromiso expreso á edificación e urbanización simultáneas, a non utilizar a construción ata que non estea concluída a obra de urbanización, e a establecer tales condicións nas cesións do dereito de propiedade ou de uso que se leven a efecto para todo ou parte do edificio, no seu caso.

Á vista de canto antecede,

**SOLICITO** o outorgamento da licenza ou autorización municipal que proceda en orde á execución das obras, así como a conexión ás redes municipais dos servizos de abastecemento e saneamento, de existiren estas.

En Nigrán, a

Asdo.

\_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / 20\_\_\_\_\_

#### INFORMACIÓN DE INTERESE PARA EXERCITAR OS SEUS DEREITOS

**Principios normativos:** As licenzas municipais outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos (art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia – LSG -). No Concello de Nigrán o planeamento urbanístico vixente está constituído polas Normas Subsidiarias de Planeamento do Municipio de Nigrán (BOP do 23/11/91), que debe aplicarse de acordo coas disposicións transitorias da LSG ao non estares adaptado a esta última norma.

Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán achegárselles proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude.

Enténdese por **proxecto técnico** o conxunto de documentos que definan as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto delas e decidir se se axusta ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas na normativa. O proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e ordenanzas aplicables a el. A memoria desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 91 da LSG, e irá acompañada dos correspondentes planos de situación, a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido. Igualmente conterá unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

**Presentación das comunicacións:** As comunicacións e documentación anexa presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán na Praza da Constitución nº 1, dentro do horario de apertura establecido, ou ben por calquera outro dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

**Representación:** Deberá acreditar que ostenta tal condición mediante poder notarial ou en comparecencia persoal do interesado, todo elo conforme ao disposto no art. 5 da LPAC

**Documentación a aportar:** Para a tramitación das solicitudes de licenza de obras maiores resulta imprescindible a achega como mínimo da documentación sinalada no apartado correspondente do presente formulario. No caso de non achegarse a documentación completa, requiriráselle por unha soa vez e por prazo máximo de 15 días para que emende a solicitude. De non responder en prazo ao dito requirimento, teráselle por desistido da solicitude e arquivarase o expediente. Recoméndase a achega da documentación completa, dado que as solicitudes deficientes **prolongan innecesariamente a tramitación administrativa** e poden facer incorrer en **gastos** por taxas ao solicitante.

**Prazo para resolver:** As peticións de licenza de obras resólvense nun prazo de tres meses (3 meses). Transcorrido o dito prazo sen comunicarse ningún acto, entenderase desestimada a petición por silencio administrativo .

**Taxas e impostos:** Os regulados na Ordenanza Fiscal da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos de control e na Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ambas publicadas no BOP do 12/04/13), sen prexuízo doutros previstos legal e regulamentariamente.